


QUE NON VOS ENGANEN

INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O ACORDO DE COMPLEMENTOS DO IV CONVENIO ÚNICO



A CIG ven advertindo de que **o novo sistema de complementos acordado por UXT, CSIF, CCOO e a Administración deixa fora a un elevado número de traballadoras e traballadores do IV Convenio**, e isto utilizando os nosos cartos, tanto dos fondos adicionais, como os das subas salariais que lle corresponderían ós nosos complementos nos últimos anos.

Xa avisamos durante a negociación deste acordo, que todo o persoal que ocupou un posto despois do un de xaneiro de 2022 quedará cos complementos do III convenio e cunha retribución menor que outras persoas que fan o mesmo traballo. Ademais a asignación de novos complementos, como o E1 (complemento por traballar fora do centro de traballo) só foi asignado nalgúns ministerios, quedando as propostas da maioría en suspenso indefinido, cando compren todos os requisitos para percibilos.

A situación é grotesca, **persoal coas mesmas condicións pero con distintos salarios**, Relacións de Postos de Traballo con complementos de dous convenios e complementos que retribúen algunha circunstancia determinada, que nun organismo se paga e noutro non.

Despois de toda a problemática derivada do Acordo de Mellora das Condicións do Persoal Funcionario da AXE do ano 2019 que deixou fora moitos postos, volven a facer o mesmo sabendo que ca aplicación deste, xeran unha enorme discriminación entre o persoal laboral da AXE.

Isto non remata aquí, agora emprenden campañas entre o persoal para que a través dos servizos xurídicos dos seus sindicatos, as persoas prexudicadas reclamen unha aplicación contraria ó que asinaron. Para mexar e non botar gota.

Desde a CIG tiñamos a esperanza de acadar un novo sistema de retribucións complementarias acorde ás cambiantes condicións nas que o persoal laboral desempeña as súas funcións e, neste senso, **fixemos unha proposta que nos permitira retribuír dun xeito xusto aquelas circunstancias que implican un maior esforzo ou dedicación**. Tamén pretendiamos que ningún posto nalgunha destas situacións quedara sen o complemento, e na medida do posible, mellorar o sistema tanto economicamente como en flexibilidade e axilidade. Como non foi así, a CIG non asinou este acordo.

Por todo isto, temos reclamada ante Función Pública a información relativa ós criterios que se aplicaron á hora de asignar novos complementos a uns organismos si e a outros non. A través dos nosos servizos xurídicos faremos todas as reclamacións individuais para corrixir esta discriminación.

Animádevos a contactar coas delegadas e delegados da CIG se vos atopades nalgunha destas situacións para obter información e asesoramento.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web www.estado.cigadmon.gal e podeades contactarnos no correo ó pe desta nota.